MEMORIA SOBRE A ADAPTACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI PARA A IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES DE GALICIA, AO INFORME EMITIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

En relación co antedito informe, modificouse o artigo 177 do anteproxecto (*Fomento da composición equilibrada do persoal)*, tal e como se propoñía, modificando a redacción dos dous apartados do artigo, substituíndo a expresión "fomentará" por "velará", aceptando a argumentación da dirección xeral no sentido de que os datos estatísticos indican que esta composición equilibrada xa é unha realidade na administración, polo que parece máis pertinente velar para que esta situación non cambie.

Respecto da proposta de eliminación do artigo 178 *(informe de impacto de xénero sobre as ofertas de emprego público)*, considérase necesario mantelo no texto do anteproxecto xa que se trata dunha medida coherente co establecido no artigo 55 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, respecto das probas de acceso á Administración Xeral do Estado e dos Organismos Públicos que dependen dela.

Por outra banda, a análise efectuada polo informe de impacto de xénero poderá servir de base e terse en conta nas posteriores convocatorias que se leven a cabo para materializar a oferta de emprego de cara a garantir un axeitado tratamento da igualdade de oportunidades.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O secretario xeral Técnico

José Ramón Pardo Cabarcos

Asinado por: PARDO CABARCOS, JOSE RAMON
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 10/02/2023 15:23:26

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE
Complexo Administrativo de San lázaro s/n 15781 Santiago de Compostela
Mail sxt.emprego.igualdade@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: 1A9aYWo0miq8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve